

MESA SECTORIAL DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 22 DE NOVEMBRO.

Apróbase a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións correspondentes por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ADDENDA ACORDO INTERINOS.

ANPE considera que é necesario introducir esta cuestión puntual dada a reducida oferta de emprego público do ano 2023. Obrigar a participar suporía ter aos aspirantes movéndose por toda a Comunidade para optar, en moitos casos, a unha soa praza polo que as posibilidades son escasas. Trátase dunha oferta extraordinaria e require esta modificación transitoria extraordinaria. Tamén consideramos que o Acordo de interinos de Galicia é o mellor de todo o Estado polo que **somos firmes defensores de que dito Acordo se manteña pero tamén que se mellore** xa que entendemos que é un Acordo vivo que se debe adaptar a todas as modificacións educativas recentes sempre partindo da base de dito acordo. Polo tanto, consideramos que a Administración debe convocar, á maior brevidade posible a Comisión de Seguimento do Acordo para negociar a adaptación do acordo á nova realidade educativa pero insistindo na idea do mantemento da esencia final de dito acordo.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONVOCATORIA DE INTEGRACIÓN DE PROFESORES TÉCNICOS DE FP.

En primeiro lugar, gustaríanos saber se a Administración educativa ten datos sobre cantas persoas participaron na primeira convocatoria de integración, cantas persoas quedarían a extinguir e tamén cantas persoas que, cumprindo os requisitos para poder facelo, non participou na primeira convocatoria. **Administración resposta que non ten aínda ditos datos.**

Para ANPE Galicia **é fundamental que ningún docente de Formación Profesional quede discriminado economicamente.** Hai xa procesos xudiciais abertos neste sentido e con perspectivas de prosperar tendo en conta as últimas directrices da Comunidade Europea. Desde ANPE estamos facendo todas as presións posibles ante o Ministerio e tamén o debemos de facer ante as Comunidades Autónomas. Somos conscientes de que o Ministerio xa non vai a mover máis peza polo que consideramos que temos que intentar solucionar os problemas a nivel autonómico.

Por outra banda, tendo en conta que para o prazo final do 2026 que establece a lei quedarían 3 cursos académicos universitarios, a Consellería debería articular mecanismos coas Universidades para favorecer que o persoal poida obter un grao universitario dentro do prazo. Debe tamén recuperarse a figura da licenza por formación anual.

A Administración educativa galega debe facer tamén un esforzo para que o profesorado que estaba en prácticas no ano 2021 e cumpría os requisitos poida percibir economicamente dito ano de prácticas como profesorado de PES.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: MODIFICACIÓN DO CALENDARIO ESCOLAR.

Desde ANPE Galicia manifestar a nosa total denuncia pola formas utilizadas pola Consellería de Educación respecto a este tema. Non se nos presentou ás Organizacións Sindicais ningún documento para

poder analizar e é algo que é inédito. Non podemos facer ningunha aportación sen ter un documento escrito para poder analizar e debater en profundidade.

Por outra banda parécenos aínda peor que se nos presente agora esta modificación do Calendario Escolar cando precisamente na última Mesa Sectorial celebrada hai unhas semanas desde ANPE pedimos unha negociación sobre a modificación do Calendario Escolar e se nos contestou que non habería ningunha.

Parécenos especialmente grave que se presente agora esta modificación do Calendario Escolar, que o curso pasado demandamos todas as organizacións sindicais cando se negociou o calendario escolar e que consideramos positiva, cando a maior parte do profesorado xa ten presentada as súas programacións didácticas. Esta modificación vai a supoñer modificar ditas programacións e outra documentación dos centros educativos. É unha falta de respecto ao traballo do profesorado xa que non é un cambio menor en ditas programacións.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos información sobre a situación das licenzas por formación. **A Administración resposta que posiblemente fagan modificacións sobre a convocatoria que xa pasou pola mesa sectorial e pasarán novamente pola mesa. A convocatoria será anual en lugar de por curso académico.**
- Solicitamos información sobre cando se van a publicar as instancias dos participantes no Concurso Xeral de Traslados e no Concurso de méritos excepcional e demandamos que se faga o antes posible. **A Administración non pode dar data concreta. A mediados de Xaneiro comezará a funcionar a comisión de valoración das publicacións do Concurso Xeral de Traslados.**
- Demandamos que a Administración educativa poña especial atención na saúde mental tanto de alumnado como do profesorado.
- Demandamos de novo a creación da figura da Coordinación de Benestar tal e como recolle a Lei e que non son os coordinadores de convivencia como se fai en Galicia xa que as súas funcións son diferentes.
- Manifestar a nosa oposición á intención do Ministerio de que o profesorado controle as redes sociais do alumnado xa que legalmente vulnera as nosas competencias profesionais.
- Demandamos de novo retribución específica para os coordinadores ADIX a través do establecemento dun complemento específico.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 11:45 horas.